

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL DO DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2021.

PRESIDENTE:

D. CARLOS LÓPEZ FONT.

VOGAIS:

**D.SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.
DONA ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA.
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA NOEMÍ OUTEDA PROL.
DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS.
DONA OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS.
D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ.
D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ.
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.
D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO.
DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ.
DON IGNACIO MARIL PARDO.
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS.
D. JAVIER TOURÍS ROMERO.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA.**

No salón de Plenos do Pazo Provincial, sendo as 11 horas e 30 minutos do día 10 de setembro de 2021 asisten, baixo a Presidencia de D. Carlos López Font Presidente da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Asisten o Sr. Interventor, Don Antonio Graña Gómez e tamén o Sr. Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

- 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL, DO DÍA 23 DE XULLO DE 2021.**

Sometido a votación o asunto, apróbanse por unanimidade a acta da reunión ordinaria da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, do día 23 de xullo de 2021.

2. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE XULLO DE 2021.

A Intervención con data 6 de agosto de 2021, elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de xullo de 2021, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ó mes ou ó trimestre anterior:

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento

e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ó mes de xullo de 2021 que se expón a continuación:

PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES XULLO DE 2021

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Xullo	9,3446346115	2.924.088,72	8,3532716171	1.938.165,81	8,9494628143
Escola de Enfermería	Xullo	0,0000000000	0,00	19,0315491339	3.654,30	19,0315491339
Consortio de Incendios e Salvamento	Xullo	8,5432096082	20.241,91	52,3904003413	265.525,69	49,2845517826
Consortio Deza Tabeiros	Xullo	16,1898750000	6.995,55	14,7771755000	4.780,13	15,6164145068
TOTAL			2.951.326,18		2.212.125,93	11,2041196176

*En base ós cálculos detallados nestes informes ponse de manifesto que se **cumpre** co período medio de pago legalmente previsto”.*

A Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital queda enterada do contido do **informe do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xullo de 2021 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento e Consorcio Contra Incendios Deza e Tabeiros-Terra de Montes**, en relación ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión

Asdo.: José Antonio Gulías Varela

(Documento asinado electrónicamente ó marxe)